



Guía Docente				
Datos Identificativos				2018/19
Asignatura (*)	Prácticas externas 1	Código	610G01044	
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	Anual	Cuarto	Optativa	4.5
Idioma	CastelánGalego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Química			
Coordinación		Correo electrónico		
Profesorado	Andrade Garda, Jose Manuel Blas Varela, Andrés M. de Kennes , Christian	Correo electrónico	jose.manuel.andrade@udc.es andres.blas@udc.es c.kennes@udc.es	
Web	<a href="http://ciencias.udc.es/practicas-profesionales-q">http://ciencias.udc.es/practicas-profesionales-q</a>			
Descrición xeral	<p>Os alumnos poderán optar por cursar prácticas profesionais externas, en empresas ou institucións, por un total de 4,5 ou 9 créditos ECTS, no canto de 1 ou 2 materias optativas.</p> <p>A Facultade de Ciencias ven desenvolvendo dende o curso 2005/06 un programa de prácticas profesionais, cunha participación promedio no entorno dos 50-70 alumnos por ano, polo que ten ampla experiencia na xestión deste tipo de actividade.</p> <p>Para poder participar nunha estada en prácticas o alumno deberá:</p> <ol style="list-style-type: none"><li>1) Estar matriculado no Grao en Química da Facultade de Ciencias.</li><li>2) Ter superado cando menos 120 créditos ECTS, que deben incluír todos os de formación básica.</li><li>3) Superar o proceso selectivo que se puidera establecer.</li></ol> <p>Os dous primeiros requisitos deberán reunirse ao peche da convocatoria de prácticas, non computándose os créditos obtidos con posterioridade.</p> <p>Non poderán ser beneficiarios de estadas en prácticas os estudantes que manteñan algunha relación contractual coa correspondente empresa ou entidade, agás autorización obtida de conformidade coa normativa interna da UDC.</p> <p>Só se recoñecerán académicamente aquelas estadas que:</p> <ol style="list-style-type: none"><li>a) Teñan sido cubertas mediante un proceso convocado en concorrencia libre e competitiva e cuha selección baseada en mérito e capacidade.</li><li>b) Se desenvolvan nunha praza ofertada ou aprobada pola Facultade. Se dita praza non correspondese á oferta realizada pola Facultade, senón que fose promovida noutro ámbito (Consello Social da UDC, Fundación UDC, outros organismos, etc.), recabarase a información que fose precisa para confirmar o cumprimento dos obxectivos arriba indicados sobre concorrencia competitiva con selección baseada en mérito e capacidade.</li><li>c) Teñan sido realizadas baixo a titoría dun titulado superior pertencente á empresa, organismo público de investigación ou institución equiparable que oferte a praza, preferiblemente da mesma titulación ou titulacións afíns á do estudante.</li><li>d) Obteñan un informe favorable da Comisión de Docencia e Validacións sobre a actividade realizada, baseado no informe aportado e na valoración feita polos titores académico e de empresa.</li></ol> <p>O proceso de avaliación, previo á decisión da Comisión de Docencia, aterase á normativa de cualificacións da UDC.</p>			

Competencias do título	
Código	Competencias do título

Resultados da aprendizaxe	
Resultados de aprendizaxe	Competencias do título



Mellora no coñecemento do entorno profesional e capacidade de aplicar os coñecementos académicos adquiridos ao entorno profesional.	B1	C1
	B2	C3
	B3	C4
	B4	C5
	B5	C6
	B6	C7
	B7	C8

Contidos	
Temas	Subtemas
Segundo o plan de traballo acordado coa empresa ou institución para cada estudante.	Segundo o plan de traballo acordado coa empresa ou institución para cada estudante.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Resumo	B3 C1 C6 C7	0	10	10
Traballos tutelados	B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 C1 C3 C4 C5 C6 C7 C8	100	0	100
Atención personalizada		2.5	0	2.5

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición



Resumo	<p>Memoria do traballo realizado durante o período de prácticas. Debe constar das seguintes partes e pola citada orde:</p> <ol style="list-style-type: none"><li>1. INDICE (Debe de recoller os documentos dos que consta o informe)</li><li>2. DATOS DO ALUMNO<ol style="list-style-type: none"><li>2.1 Breve información sobre o alumno (apelidos, nome, DNI, dirección de contacto, teléfonos e dirección de correo electrónico)</li><li>2.2 Indicar se a memoria foi revisada pola empresa e as condicións de confidencialidade requeridas pola mesma.</li></ol></li><li>3. DATOS DA EMPRESA<ol style="list-style-type: none"><li>3.1 Breve información sobre a empresa (nome, situación, sector de actividade, organigrama, número de empregados, etc...)</li></ol></li><li>4. RESUMO DAS PRÁCTICAS<ol style="list-style-type: none"><li>4.1 Resumen do traballo desenvolvido polo alumno durante o período das prácticas.</li></ol></li><li>5. ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS<ol style="list-style-type: none"><li>5.1 Obxectivo das prácticas. Neste apartado débense de recoller os obxectivos que se perseguen co traballo.</li><li>5.2 Traballo encomendado. Fundamento teórico e experimental das diferentes actividades desenvolvidas durante o periodo de prácticas tendo en conta, no seu caso, o segredo profesional ao que está obrigado.</li><li>5.3 Distribución temporal. Distribución das tarefas realizadas, especificando a duración das mesmas e as unidades ou Departamentos nas que se realizaron.</li><li>5.4 Formación recibida. Cursos, programas informáticos, seminarios, charlas, etc...</li><li>5.5 Nivel de integración dentro do departamento e relacións co persoal.</li></ol></li><li>6. CONCLUSIÓNS<ol style="list-style-type: none"><li>6.1 Adecuación ás ensinanzas recibidas na Facultade para o desempeño da práctica.</li><li>6.2 Valoración persoal da aprendizaxe conseguida ao longo de toda a práctica.</li><li>6.3 Valoración do nivel de integración dentro do departamento e relacións co persoal.</li><li>6.4 Declaración de responsabilidade do alumno (modelo Anexo I).</li></ol></li><li>7. BIBLIOGRAFÍA E FONTES DE INFORMACIÓN (Bibliografía citada no texto, incluídos os recursos electrónicos)</li></ol>
Traballos tutelados	<p>A empresa ou institución nomeará un titor, que deberá ser un titulado superior, preferiblemente da mesma titulación ou titulacións afíns á do estudante, e que se encargará das seguintes funcións:</p> <ol style="list-style-type: none"><li>1. Proporcionar ao Centro unha breve descrición do traballo a realizar polo alumno, indicando os coñecementos específicos e habilidades que ha de ter o alumno para levalo a cabo e indicar a formación que adquirirá o alumno durante a realización do traballo.</li><li>2. Orientar ao alumno durante a realización do traballo.</li><li>3. Elaborar un informe final, dirixido ao Decanato da Facultade no que se avalíe o grao de aproveitamento acadado polo estudante.</li></ol> <p>O alumno terá ademáis un titor académico na Facultade, que será quen revise o informe emitido polo alumno, facendo por escrito as recomendacións e puntualizacións pertinentes para correxilo e melloralo. Á vista destas recomendacións, o alumno revisará o documento e o entregará no Negociado de alumnos xunto cunha instancia solicitando a súa avaliación.</p>

## Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
--------------	------------



Traballos tutelados Resumo	A atención personalizada servirá para facer un seguimento detallado das actividades e da evolución do alumno, contribuíndo á súa avaliación continuada.
-------------------------------	---

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias	Descrición	Cualificación
Traballos tutelados	B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 C1 C3 C4 C5 C6 C7 C8	O titor nomeado pola empresa ou institución, que deberá ser un titulado superior, preferiblemente da mesma titulación ou titulacións afíns á do estudante, elaborará un informe final, dirixido ao Decanato do Centro (ANEXO IV), no que se avalíe o grao de aproveitamento acadado polo estudante.	50
Resumo	B3 C1 C6 C7	Para acadar recoñecemento académico, sempre que a estadia desenvolvida cumpra as condicións especificadas na normativa, o alumno deberá remitir ao Decanato do Centro un relatorio detallado dos traballos e actividades realizadas. Tal relatorio será elaborado dacordo cun modelo (ANEXO VII). O titor académico revisará o informe emitido polo alumno, facendo por escrito as recomendacións e puntualizacións pertinentes para correxilo e melloralo. Á vista destas recomendacións o alumno, nun prazo non superior a dous meses e en todo caso antes do 31 de outubro, revisará o documento e o entregará no Negociado de alumnos xunto cunha instancia solicitando a súa avaliación. O informe do alumno será avaliado pola Comisión de Docencia e Validacións do centro que, tendo en conta o informe do titor da empresa e as recomendacións do titor académico, outorgará a cualificación que aparecerá na acta.	50

### Observacións avaliación

Valorarase no seu conxunto, a labor realizada durante as prácticas e a memoria realizadas sobre as mesmas.

Recoméndase ao alumnado consultar a rúbrica de avaliación publicada na web do Centro.

#### DIRECTRICES PARA A ELABORACIÓN DA MEMORIA ESCRITA (ANEXO VII)

- A memoria presentarase impresa a dobre cara e en tamaño DINA-4.

- Aconséllase unha extensión de entre 12 e 30 páxinas (?carillas?). O alumnado consultará co seu titor/a a conveniencia ou non de extensión inferiores ou superiores.

- Tipografía: Arial 11 puntos ou Times New Roman 12 puntos. Pés de figura e encabezados das táboas: tamaño mínimo 10 puntos.- Interlineado: 1,5-

Marxes: non inferiores a 2 cm (superior, inferior e laterais)- Encadernado de xeito que permita o seu doado manexo e lectura e garanta a

conservación íntegra e ordeada do documento.- Páxinas numeradas na marxe inferior.- A portada da memoria non irá numerada e deberá incluír a

seguinte información: Grao en QuímicaMemoria de prácticas externasNome e apelidos do alumno/aNome da empresa/institución onde realizou as

prácticasTitores/as de empresa e universidadeDatas de realización das prácticas e número de horasData de presentación da memoria.

### Fontes de información

<b>Bibliografía básica</b>	En cada caso, o titor/a na empresa ou institución e o titor/a académico/a suxerirán as fontes de información máis acaídas ao plan de traballo.
<b>Bibliografía complementaria</b>	

### Recomendacións

**Materias que se recomenda ter cursado previamente**



Matemáticas 1/610G01001  
Matemáticas 2/610G01002  
Física 1/610G01003  
Física 2/610G01004  
Biología/610G01005  
Xeoloxía/610G01006  
Química Xeral 1/610G01007  
Química Xeral 2/610G01008  
Química Xeral 3/610G01009  
Laboratorio de Química 1/610G01010  
Química Analítica 1/610G01011  
Química Analítica 2/610G01012  
Química Física 1/610G01016  
Química Física 2/610G01017  
Química Inorgánica 1/610G01021  
Química Inorgánica 2/610G01022  
Química Orgánica 1/610G01026  
Química Orgánica 2/610G01027  
Química, Información e Sociedade/610G01031  
Laboratorio de Química 2/610G01032

**Materias que se recomenda cursar simultaneamente**

**Materias que continúan o temario**

Traballo de fin de Grao/610G01043

**Observacións**

É recomendable tentar cursar as prácticas pre-profesionais durante o verán anterior a comezar o cuarto curso, co fin de que o segundo semestre quede máis despexado a nivel horario.

(\*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías